

CONVOCATORIAS ECOBAS



>>> BOLSAS DE VERÁN 2025: REMATE DO PRAZO DE SOLICITUDES

Este vindeiro sábado 31 de maio é o derradeiro día para a presentación de solicitudes:

- Alumnado do Mestrado Interuniversitario en Economía (MEC)
- Estudiantado matriculado e con 180 créditos ECTS superados no Grao de Economía ou en ADE nas universidades do SUG

Non perdades a oportunidade!!



>>> AXUDAS ECOBAS PARA A MOBILIDADE DE PERSOAL INVESTIGADOR

2025

O obxectivo desta convocatoria é o de **co-financiar os desprazamentos do persoal investigador vinculado** ao centro e que sexan realizados promocionando ou desenvolvendo as liñas estratéxicas da Axenda Científica de ECOBAS, e contribuíndo ao impulso da proxección e prestixio científico de ECOBAS como centro de investigación.

Para a xestión das axudas se establecen catro periodos de solicitude e a convocatoria permanecerá aberta ata o 12 de setembro de 2025.

- Accede [AQUÍ](#) á información completa: [BASES DA CONVOCATORIA](#) e os distintos Anexos.



CONVOCATORIAS ECOBAS



>>> AXUDAS ECOBAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE I+D+i

2025

O primeiro prazo para a presentación de proxectos á convocatoria de AXUDAS ECOBAS 2025 para a realización de actividades de I+D+i, destinada ao **persoal investigador adscrito** ao centro de investigación ECOBAS, remata este sábado 31 de maio:

- Obxectivo: promover e apoiar a realización de actividades de I+D+i por parte do persoal investigador do centro ECOBAS, especificamente aquelas que posibiliten o desenvolvemento das liñas estratéxicas da Axenda Científica do centro e contribúan ao impulso da proxección e prestixio científico de ECOBAS
- Aquí lembramos os dous prazos establecidos:
 - Do 14 de abril ao 31 de maio de 2025 ás 23.59 h.
 - Do 1 de xuño ao 25 de setembro de 2025 ás 23.59 h.

· [BASES DA CONVOCATORIA \(PDF\)](#) · [ANEXO I: formulario solicitude](#) · [ANEXO II: declaración de axudas](#)

Animádevos a presentar as vosas propostas!!!

>>> CONVOCATORIA DE EXPRESIÓN DE INTERESE: MSCA POSTDOCTORAL FELLOWSHIP ECOBAS 2025

Prazo: 20 xuño 2025 - 23:59 |  **Centro anfitrión: ECOBAS** |  **Galicia, España**

 **Buscamos** investigadoras/es posdoutorais que cumpran cos seguintes requisitos:

- ✓ Doutoramento obtido antes da data límite da convocatoria
- ✓ Máximo 8 anos de experiencia investigadora trala obtención do doutoramento
- ✓ Cumprimento da regra de mobilidade MSCA (non ter residido ou traballado en España máis de 12 meses nos últimos 3 anos).
- ✓ Proposta de investigación innovadora e de alta calidade nas liñas da Axenda Científica de ECOBAS

Ofrecemos:

- ✓ Apoio científico e administrativo para a solicitude MSCA PF
- ✓ Integración nun centro de investigador na senda da excelencia
- ✓ Acceso a formación, eventos, espazos de traballo e rede de colaboración
- ✓ Oportunidade de desenvolver o teu fellowship en calquera das 3 universidades galegas (UVigo, USC, UDC)



 ¿Interesado/a? Envía o teu CV (formato Europass), resumo da túa traxectoria e proposta de proxecto a: ecobas@ecobas.gal

AXENDA



>>> FORO FIREC | DIÁLOGOS SOBRE ECONOMÍA CIRCULAR

VENRES
30/05
9:00H

Organizado polo Foro FIREC que lidera o investigador permanente de ECOBAS **Juan José Pernas** e coa contribución da nosa investigadora Itziar Sobrino García, mañá venres terá lugar a xornada “Diálogos de Economía Circular Local” na que poderán coñecerse os resultados do estudo da UDC sobre o cumprimento da normativa de residuos e solos contaminados para unha economía circular por parte das entidades locais. O encontro, patrocinado por VEOLIA e VIRATEC, conta coa colaboración da FEGAMP e ECOBAS.

- [Inscríbete AQUÍ para seguir o evento en streaming](#)



>>> RESEARCH SEMINAR: JAVIER COTO MARTÍNEZ

VENRES
06/06
13:00H

"Poverty Traps, Take-offs and Financial Bubbles"

- MODALIDADE: híbrido, presencial e online en directo.
- PRESENCIAL: Santiago de Compostela. Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC. Aula 20.
- ONLINE: ECOBAS Academy. [REXISTRO PREVIO AQUÍ](#).



>>> CONFERENCE: “ECOLOGICAL TRANSITION: THEORY AND PRACTICE”

VENRES
13/06
9:30-13:45 h

O investigador permanente de ECOBAS **Fernando del Río** organiza esta xornada na que teremos ocasión de abordar distintos aspectos clave da transición ecolóxica, cunha decidida orientación para a implementación de accións concretas con efectos tanxibles contra o cambio climático, a contaminación e para a conservación da biodiversidade.



- PRESENCIAL: Santiago de Compostela. Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC. Salón de Graos.
- PROGRAMA detallado e INSCRIPCIÓN: moi pronto dispoñible en www.ecobas.gal



Fernando del Río
ECOBAS



María L. Loureiro
ECOBAS



Raouf Boucekkine
Université
Aix-en-Provence



Andy Dobson
PRINCETON
University



Juan Carlos Reboredo
XUNTA DE GALICIA

PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



>>> NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

>>> ARTIGOS CIENTÍFICOS

- Lampón, J.F.; Carballo-Cruz, F.; Velando-Rodríguez, M.-E.; **Cabanelas, P.** (2025)
[A transition in the automotive industry: How are new mobility technologies affecting value chain governance?](#)
Kybernetes
- Husain, A.; **Carballo-Penela, A.**; **Ruzo-Sanmartín, E.** (2025)
[Antecedents to Implementing Green Practices in the Hotel Industry: The Role of Managers' Environmental Attitude, Perceived Organizational Environmental Support and Employees' Green Collaboration](#)
Business Strategy and Development
- **Jardón, C.** ; Martínez-Cobas, X. ; Trillo-Santamaría, J.-M. ; Paül, V. (2025)
[COVID Effect on Sales, Size, and Industry in the Minho Border Area](#)
Tijdschrift voor Economische en Sociale Geografie
- da Silva Martins, J.; **Rodríguez-Gulías, M.**; Rios-Rodríguez, R.; **Rodeiro-Pazos, D.** (2025)
[Do Science and Technology Parks Work as Drivers of Firm Innovation? Empirical Evidence From Portugal](#)
Creativity and Innovation Management
- Santos, L.; Galvão, A.R.; **Rodeiro-Pazos, D.** (2025)
[Intrapreneurship in the Public Sector: A Synthesis of Research and Future Directions](#)
International Journal of Public Administration
- **Atrio Lema, Y.**; **Neira Gómez, I.**; del Río, María L. (2025)
[Predictive Modelling for Sustainable Pilgrim Flow Management on the Camino de Santiago](#)
Pasos: Revista de Turismo y Patrimonio Cultural
- Contreras García, F.; González Alvarado, T.E.; **Cabanelas Lorenzo, P.** (2025)
[Retos en la gestión del talento humano: el papel del marketing interno en tiempos desfavorables](#)
Suma de Negocios
- **López-Rodríguez, J.**; **Pociña-Sanchez, B.**; **Varela-Candamio, L.** (2025)
[Taxable agglomeration rents across the Spanish local labour markets](#)
Journal of Geographical Systems

ACTUALIDADE



>>> ECOBAS RECIBIU A VISITA DA XUNTA DE GALICIA E PRESENTOU OS AVANCES DA COCREACIÓN INTERUNIVERSITARIA COMO CENTRO COLABORATIVO DA REDE CIGUS



Nunha xornada que contou coa participación de máis de corenta membros do noso equipo investigador, a delegación da Administración autonómica encabezada polo secretario xeral de Universidades visitou a sede principal de ECOBAS para coñecer os avances da cocreación interuniversitaria e o noso potencial en investigación e transferencia como centro colaborativo da rede CIGUS de excelencia científica.

O traballo na captación de fondos da Unión Europea, a búsqueda de partenariados ou os proxectos formativos en marcha para o fortalecemento das relacións internacionais e a captación de talento junior, foron algúns dos aspectos prioritarios que a directora científica de ECOBAS, María Loureiro, salientou durante o transcurso da visita institucional da Xunta de Galicia o pasado 16 de maio. Na recepción aos responsables da secretaría xeral de Universidades, encabezada polo reitor da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa, os integrantes da directiva de ECOBAS estiveron acompañados por máis de corenta membros do equipo investigador procedentes da Coruña, Santiago, Ourense e Vigo.

[Ler máis](#)

>>> MEMORIA ANUAL ECOBAS 2024

Se queres coñecer máis polo miúdo a actividade do Centro de Investigación Interuniversitario ECOBAS, lembra que na sección de Transparencia da web de ECOBAS atoparás, entre outros documentos, as memorias de actividade que publicamos anualmente.

Nesta ligazón atoparedes xa dispoñible para lectura e descarga a correspondente a 2024, que sen dúbida foi un ano para anotar:



ECOBAS
Economics and Business Administration for Society
MEMORIA DE ACTIVIDADES 2024

- ECOBAS acada a acreditación como **Centro Colaborativo da Rede CIGUS**, entrando na etapa de consolidación como Centro Interuniversitario e xa na **senda da excelencia**.
- Tres dos membros do noso equipo investigador son incluídos no **World's Top 2% Scientists** de Stanford.
- A directora científica de ECOBAS é recoñecida como **Premio Wonenburger 2024**.
- E moitos outros logros e avances que veredes desgranados nestas páxinas. Moitas grazas polo voso compromiso e apoio, e boa lectura!!

CONVOCATORIAS TRANSFERENCIA




>>> MISIONES CIENCIA E INNOVACIÓN 2025 | CDTI

Hoxe día 29 de maio abriu o prazo para a presentación de solicitudes á Convocatoria Misiones Ciencia e Innovación 2025 de CDTI para impulsar a transferencia de coñecemento e fomentar a colaboración entre institucións e axentes do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación (SECTI), con unha atención especial á colaboración público-privada.



Apoiaráanse consorcios empresariais, con subcontratación relevante de organismos de investigación (OI), que desenvolvan proxectos de I+D, de carácter precompetitivo, con actividades de investigación industrial (mín 40% presupuesto elegible), e que propoñan solucións a desafíos transversais e estratéxicos para a sociedade no marco das seguintes misións:

- Solucións tecnolóxicas para reducir as estancias hospitalarias e a presión asistencial.
- **Unha intelixencia artificial responsable.**
- Unha industria interconectada e segura que contribúa a unha maior autonomía estratéxica.
- **Planificación e xestión territorial** para mellorar a resiliencia e facer fronte aos **riscos climáticos**.
- **Soberanía estratéxica nas materias primas minerais fundamentais para a industria e a transición enerxética.** 
- Capacitación para a autonomía estratéxica en seguridade e defensa.
- **Movibilidade sostible e descarbonización do transporte colectivo e de grandes volúmenes.**



A convocatoria vai ser presentada nunha [Xornada de Presentación](#) híbrida organizada por CDTI para mañá, 30 de maio de 2025, de 13:00 a 14:30 h.

>>> CONVOCATORIA KIC WATER PARA TRANSFORMAR OS SECTORES DA AUGA, MARIÑO E MARÍTIMO EN EUROPA



O [Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía \(EIT\)](#) ten aberta a convocatoria para a creación do novo partenariado **KIC Water: Transforming Europe's Water, Marine and Maritime Sectors**, unha iniciativa destinada a **impulsar a transformación sostible** destes sectores en Europa.

- Obxectivo: lograr a sustentabilidade financeira máis aló do financiamento do EIT, fomentando a cooperación entre educación, investigación e industria.
- Prazo: **ata o 17 de xuño de 2025**
- [Información completa aquí.](#)

RRHH



>>> AXUDAS DO PROGRAMA GALICIA INVESTIGA IGUALDADE PARA O APOIO Á ETAPA PREDOUTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG, EXERCICIO 2025

ÚLTIMOS DÍAS para a presentación de solicitudes para o programa Galicia Investiga Igualdade para o apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia:

- Concederanse un máximo de 10 axudas
- Proxectos de **doutoramento en materia de igualdade de xénero**
- Areas temáticas: xénero en ciencias sociais; xénero en ciencias da saúde; xénero en ciencias naturais e formais, tecnoloxía e enxeñarías; xénero e humanidades e xénero como factor transversal para o cambio (ANEXO I).

- **PRAZO: ata o 5 de xuño de 2025.**

- [Convocatoria no DOG](#)

- [Guía informativa](#)

- Contacta para presentar a **declaración de interese na túa universidade**



>>> CONVOCATORIA 2025 PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO R3 COMO INVESTIGADOR/A ESTABLECIDO

PRAZO de presentación de solicitudes: do 28 maio ao 18 xuño ás 14:00 h (hora peninsular)

MÁIS COMUNIDADE



>>> INTERNATIONAL CONFERENCE ON TOURISM AND HOSPITALITY MANAGEMENT (ICTHM2025)

A cidade de Porto acolle o workshop que está a organizar ISAG - European Business School en colaboración con CICET-FCVC - Centro de Investigación em Ciências Empresariais e Turismo da Fundação Consuelo Vieira da Costa os días 10 e 11 de xullo.

A reflexión sobre os desafíos e innovacións do sector do turismo e a hostelería pivotará sobre tres temas principais:

- 🌱 Sostibilidade e prácticas rexenerativas
- 🤖 Transformación dixital e intelixencia artificial
- 💡 Innovación en xestión de operacións e experiencias turísticas

A información completa na [web do ICTHM2025](#)

>>> IX EDICIÓN PREMIOS GCiencia GALICIA SPIN OFF

O portal GCiencia convoca a IX Edición dos Premios GCiencia Galicia Spin-off para recoñecer as mellores iniciativas empresariais xurdidas no ámbito investigador galego, recoñecer a transferencia de coñecemento entre a Universidade e a Empresa e alentar o emprendemento que xorde no seo do ámbito académico.

Os Premios consistirán en:

- Selo de Calidade: peza artesanal de deseño exclusivo e diploma acreditativo.
- Idea Emerxente: peza artesanal de deseño exclusivo e diploma acreditativo.
- Grupo de Investigación: peza artesanal de deseño exclusivo e diploma acreditativo.

PRAZO de presentación de candidaturas **ata o 31 de xullo 2025**



[Bases da convocatoria](#)

[X Edición Premios](#)

[GCiencia Galicia Spin Off](#)

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

